

jueves, 9 de junio de 2005

## Pérez Prieto apostou onte por “aproveitar os pequenos logros”

S. J. ■ LUGO

■ O sacerdote e teólogo leonés Vitoriano Pérez Prieto argumentou onte a conveniencia de “aproveitar os pequenos logros para combater a síndrome de *Non hai Ningunha Alternativa (NNA)*”. “A solución non son as grandes teorías”, insistiu onte na galería Sargadelos de Lugo o autor de *Contra a síndrome NNA. Unha apostase pola esperanza* (Xerais).

Pérez Prieto, que foi presentado por Valentín Arias e Bernardo García Cendán, recompilou artigos publicados en diversos xornais —entre eles, **El Progreso**— “con vocación de ensaio porque escolmo colaboracións referidas a un mesmo tema”.

Ese tema é “presentar alternativas fronte a esa idea de que temos que aceptar como inevitable o pensamento único e ao neoliberalismo económico”. Considera que “o cristianismo aporta alternativas, como a de poñer o valor das persoas porriba do rendemento económico”.